

O AECT elevará á Comisión Europea a situación de desamparo das persoas traballadoras transfronteirizas do Miño polo peche da fronteira

Segundo explica o vicedirector do AECT Rio Miño, unha das decisións da reunión dos 26 alcaldes e alcaldesas foi elevar á Comisión Europea a situación de desamparo das persoas traballadoras transfronteirizas e das empresas, xa que a do Miño é a fronteira máis dinámica de toda Europa e un peche como o existente *“non se dá noutros territorios”*. *“Imos remitir un comunicado e pedir auxilio para que interceda ante os estados”*, enfatizou.

Xestionarase unha nova reunión urxente co goberno portugués por unha *“fronteira aberta xa na súa totalidade e con horario pleno”*

“Fronteira aberta xa na súa totalidade e con horario pleno” é a reivindicación na que as alcaldesas e alcaldes do territorio miñoto insistiron hoxe convocados polo AECT Rio Miño e pola que decidiron endurecer as súas accións: continuarán dando pasos pola vía institucional ante a Unión Europea e o ministro de Administración Interna de Portugal, pero tamén organizarán novas accións simbólicas de mobilización social para chamar a atención dun territorio que se sente afogado e tamén *“ninguneado”* polos gobernos de Madrid e Lisboa.

Tamén se manterán novos contactos co ministro de Administración Interna de Portugal, Eduardo Cabrita, a quen se lle instará a revocar a situación actual nunha reunión convocada de urxencia, xa que ata o de agora o país veciño foi o que amosou as maiores reticencias á apertura de novos pasos autorizados na 'raia'.

Nos vindeiros días haberá máis accións simbólicas de protesta *"intentando conter o ánimo exaltado"* de empresas e persoal

Esas medidas institucionais terán acompañamento tamén en novas accións simbólicas de protesta e mobilización social. *"Os ánimos das empresas, transportistas e persoas traballadoras transfronteirizas están moi exaltados, e dende o AECT estaremos mediando ante medidas máis drásticas e contendo o malestar, pero amosaremos con claridade que a este territorio do Miño non se lle pode ningunear porque iso só produce máis cabreo e indignación entre a cidadanía"*, subliñou o nacionalista.

"Hai máis de 6.000 traballadores afectados que teñen un custe en tempo e diñeiro para acceder aos seus postos"

O AECT reclamará compensacións económicas para as persoas traballadoras transfronteirizas que están afectadas polo peche. *"Non só hai custes de combustible, senón tamén de tempo. Hai persoas que saen unha hora antes para ir ao seu traballo e, ao estar dúas horas no paso da fronteira, chegan tarde e deben recuperar esas horas perdidas quedando ao rematar a xornada nos seus postos... Iso ten un custe non só*

económico senón tamén anímico. E xa que non se pode compensar polos problemas psicolóxicos, alomenos polos económicos”, insistiu.

O vicedirector subliñou que hai unha profunda indignación e incompreensión nos alcaldes e alcaldesas do territorio miñoto *“ante esta decisión dos estados que non escoitan ao territorio e non escoitan a problemática que existe na fronteira máis dinámica e máis poboada e máis relacións sociais entre España e Portugal e unha das máis dinámicas de Europa. Non entenden esta realidade e non fixeron caso ás nosas reivindicacións de abrir os pasos cos controis sanitarios necesarios. Hai máis de 6.000 traballadores afectados que teñen un custe en tempo e diñeiro para acceder aos seus postos”, insistiu.*

Finalmente, Benítez fixo fincapé no ofrecemento de colaboración dos concellos dunha e outra ribeira para a loxística da reapertura dos pasos. Reclamou tamén unha maior coordinación entre os estados e entre estes e os municipios afectados, criticando que moitos alcaldes e alcaldesas se enteraron das últimas modificacións dos pasos pola publicación do boletín portugués en lugar de por unha comunicación oficial directa.

“Fronteira aberta xa na súa totalidade e con horario pleno”.

“Queremos a apertura de todos os pasos 24 horas cos controis sanitarios necesarios e só para as persoas que están autorizadas, traballadoras, transportistas... Non queremos que pase ninguén máis das persoas que deben”, insistiu.

Audio – O AECT elevará á Comisión Europea a situación de desamparo das persoas traballadoras transfronteirizas do Miño

polo peche da fronteira

Outras novas relacionadas:

- O AECT Miño considera “insuficientes” as medidas de apertura da fronteira con Portugal e incrementará as protestas
- Os concellos miñotos, coa máxima expectativa ante a posibilidade de apertura de máis pasos na fronteira con Portugal
- “Abran a fronteira, poñan controis en todos os pasos e deixen pasar ás persoas traballadoras”
- Os concellos da Raia instan a Madrid e Lisboa e á Xunta á “reapertura urxente” de todos os pasos da fronteira para persoas traballadoras nun comunicado oficial